



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas a los servicios ferroviarios entre Ferrol, A Mariña y Asturias.**

La línea de ancho métrico, el antiguo FEVE entre Galicia y Asturias, arrastra años de falta de inversiones, a pesar de su potencial tanto en el plano de la cohesión y vertebración del norte de Galicia por tren como para la conexión con Asturias y el norte del Estado. Se trata de una infraestructura obsoleta que necesita una modernización, un parque móvil moderno y servicios ferroviarios adaptados a las necesidades de las personas usuarias. En definitiva, precisa de un plan integral que permita convertirla en una conexión útil y eficaz para la movilidad.

El mapa ferroviario de esta línea permite conectar las principales localidades de Ferrol con las de la comarca de A Mariña, así como continuar el viaje hasta Asturias.

Sin embargo, al intentar comprar billetes en la web de Renfe, las personas usuarias se encuentran con que los servicios no existen o, al menos, no es posible comprarlos en la web. La compra de billetes para viajes regulares como los trayectos entre Ferrol, Ortigueira o Ribadeo hasta Gijón ya no es posible. La única opción disponible desde Ortigueira parece ser ir hasta Ferrol, en la llamada línea C1, de cercanías.

Para viajar de Ferrolterra a A Mariña de Lugo, se ha comprobado que para adquirir los billetes entre Ferrol y Ribadeo, por ejemplo, hay que buscarlos en la web de Renfe y aparecen como trenes «regionales», al igual que entre Ortigueira y Ribadeo que también se definen como «regionales». Pero no existe la posibilidad de comprar billetes para un viaje entre Ferrol y Gijón, entre Ortigueira y Gijón o Ribadeo y Gijón: nos encontramos con la advertencia de Renfe de que «no existen criterios para dicha búsqueda». Es decir, «no hay trenes para los criterios seleccionados».

Esta situación está causando sorpresa e indignación entre los usuarios y usuarias del tren



que intentan comprar billetes para las conexiones tradicionales, pero que no pueden, sin saber si es un problema de la aplicación o si realmente se han eliminado algunos servicios.

Consideramos importante que el Ministerio aclare esta cuestión e informe adecuadamente sobre los cambios y modificaciones realizados en materia de servicios ferroviarios de ancho métrico y de las conexiones ferroviarias mencionadas, así como cuáles son las conexiones y los servicios ferroviarios desde cada una de las paradas de la línea de ancho métrico que une Ferrol-Ribadeo-Gijón.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula por escrito las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿Ha modificado el Ministerio de Transportes el diseño y los servicios del ancho métrico, antiguo FEVE, en Galicia que discurre por las comarcas de Ferrol, A Mariña y llega a Asturias?
2. ¿En caso afirmativo, en qué consiste la mencionada reformulación de los servicios ferroviarios de la antigua FEVE?
3. ¿Cuáles son las razones de que la web solo permita, por ejemplo, comprar billetes de Ortigueira a Ferrol en la llamada línea C1, o entre Ortigueira y Ribadeo, pero que no exista conexión con Gijón, ni siquiera desde Ferrol?
4. ¿Cuáles son los servicios ferroviarios para conectar Ferrol con A Mariña de Lugo, por ejemplo entre Ferrol y Ribadeo?
5. ¿Ha eliminado el Ministerio todas las opciones para viajar en tren de Ferrol a Gijón, de Ortigueira a Gijón o de Ribadeo a Gijón? ¿Es decir, se han suprimido los servicios de tren entre el norte de Galicia y Asturias? ¿En caso afirmativo, a que se debe? ¿De lo contrario por qué no están disponibles los billetes para su compra en la web de Renfe?
6. ¿Se han recortado los servicios de tren de ancho métrico? ¿Estas modificaciones del Ministerio implican una reducción de los servicios de tren entre Ferrol y su comarca con A Mariña en Lugo? ¿De ser así, no considera que estas actuaciones van en contra de la necesidad de cohesionar y vertebrar mediante el transporte ferroviario la franja costera del norte de Galicia a través del transporte ferroviario, densamente poblada?
7. ¿Qué ha pasado con los servicios que conectaban Ferrol y el norte de Galicia con Asturias?
8. ¿Cuáles son los planes para la modernización y mejora de la línea de ancho métrico en Galicia?
9. ¿Podría facilitar un mapa completo de los servicios ferroviarios disponibles y los horarios de las diferentes localidades con paradas de la antigua línea de FEVE, ahora



CONGRESO DE  
LOS DIPUTADOS



de ancho métrico, en Galicia?

Madrid, a 22 de junio de 2025

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

22 JUN. 2025 13:17:40

Entrada **73847**

## Sobre os servizos e conexións ferroviarias dispoñíbeis na actualidade entre Ferrol e Xixón

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos servizos ferroviarios entre Ferrol, a Mariña e Asturias.**

A liña de ancho métrico, antiga FEVE entre a Galiza e Asturias, arrastra anos de falta de investimentos, a pesar da súa potencialidade tanto no plano da cohesión e vertebración do norte da Galiza por tren como para a conexión con Asturias e o norte do Estado. Trátase dunha infraestrutura obsoleta que precisa unha modernización, dun parque móbil moderno e de servizos ferroviarios adaptados ás necesidades das persoas usuarias. En definitiva, precisa dun plan integral que permita convertela nunha conexión útil e eficaz para a mobilidade. O mapa ferroviario desta liña permite conectar as principais vilas da comarca de Ferrol coas da comarca da Mariña, así como continuar a viaxe até Asturias.

Ferrol - Oviedo - Gijón



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

22 JUN. 2025 13:17:40

Entrada **73847**



Porén, cando as persoas usuarias intentan mercar billetes na páxina de Renfe encontran que os servizos non existen ou, cando menos, non posíbel adquirilos na web. A compra de billetes para viaxes habituais como eran os traxectos entre Ferrol, Ortigueira ou Ribadeo até Xixón xa non é posíbel. A única opción dispoñíbel desde Ortigueira parece ser ir até Ferrol, no que se denomina liña C1, de cercanías.

Para se desprazar de Ferrolterra á Mariña de Lugo, comprobouse, que para adquirir billetes entre Ferrol e Ribadeo por exemplo, hai que buscalos na web de Renfe e constan como trens “rexionais”, así como entre Ortigueira e Ribadeo que tamén se definen como “rexionais”. Mais non existe a posibilidade de mercar billetes para unha viaxe entre Ferrol e Xixón, entre Ortigueira e Xixón ou Ribadeo e Xixón, encontrámonos coa advertencia de Renfe de que non “existen criterios para a devandita procura”. É dicir, “non hai trens para os criterios seleccionados”.

Esta situación está a causar sorpresa e indignación entre os usuarios e usuarias do tren que intentan mercar billetes para as conexións tradicionais, pero que non poden, descoñecendo se é un problema da aplicación ou se realmente algúns do servizos foron eliminados.

Consideramos que é importante que o Ministerio aclare esta cuestión e informe adecuadamente dos cambios e modificacións realizadas no ámbito dos servizos ferroviarios do ancho métrico e as conexións de tren mencionadas, así como de cales son as conexións e servizos ferroviarios desde cada unha das paradas da liña de ancho métrico que une Ferrol-Ribadeo-Xixón.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:**

1. Modificou o Ministerio de Transportes o deseño e os servizos do ancho métrico, antiga FEVE, na Galiza que percorre as comarcas de Ferrol, A Mariña e que chega até Asturias?



2. De ser así, en que consiste a citada reformulación dos servizos ferroviarios da antiga FEVE?
3. Cales son as razóns de que a web só permita, por exemplo, adquirir billetes desde Ortigueira até Ferrol no que se denomina liña C1, ou entre Ortigueira e Ribadeo, pero que non exista a conexión con Xixón, nin sequera desde Ferrol?
4. Cales son os servizos ferroviarios para conectar Ferrol coa Mariña de Lugo, por exemplo entre Ferrol e Ribadeo?
5. Eliminou o Ministerio toda opción de viaxar en tren de Ferrol a Xixón, de Ortigueira a Xixón ou de Ribadeo a Xixón? É dicir, suprimiu os servizos de tren entre o norte da Galiza e Asturias? En caso afirmativo, a que se debeu? En caso contrario porqué non están dispoñíbeis os billetes para a súa adquisición na web de Renfe?
6. Recortáronse servizos de tren do ancho métrico? Estas modificacións do Ministerio implica unha redución dos servizos de tren entre Ferrol e a súa comarca coa A Mariña lucense? De ser así, non considera que esas accións van na liña contraria á necesidade de cohesionar e vertebrar mediante o transporte ferroviario a franxa litoral do norte da Galiza, densamente poboada?
7. Que pasou cos servizos que conectaban Ferrol e o norte da Galiza con Asturias?
8. Cales son os plans para a modernización e mellora da liña de ancho métrico na Galiza?



9. Pode facilitar un mapa completo dos servizos ferroviarios dispoñíbeis e dos horarios desde as distintas vilas con parada na liña da antiga FEVE agora de ancho métrico na Galiza?

Madrid, a 22 de xuño de 2025

A handwritten signature in blue ink, consisting of several fluid, connected strokes, is centered on the page.

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**